

A festa do IIIa



Curso 2009/2010

EDITORIAL

Remata o curso e resístese a facelo. O tempo corre menos aos ollos de quen o mide – alumnos e profesores, neste caso – porque ao traballo habitual hai que engadir, nestas datas, un esforzo suplementario e, a estas alturas do calendario os esforzos engadidos fan do tempo un camiñante vagarento, calmoso, pousón.

Aínda así, por veces o tempo acelera a marcha, sobre todo cando reparamos no que nos queda por facer, que sempre é moito nestes días; daquela bótasenos enriba e sobrepásanos, e comprendemos, de novo, que somos demasiado lentos e inexpertos para acomodar o noso paso ao seu. E así unha e outra vez, e así rutineiramente un curso tras outro.

Non é esta a única rutina contraditoria que estas datas nos depara. É tempo de despedidas, ilusionantes no que teñen de inicio dunha nova etapa e tristesiras no coñecemento do que se deixa atrás. Despídense, coma sempre nestas datas os alumnos e alumnas de 4º nivel, demasiados para nomealos aquí un a un, pero coa importancia suficiente todos eles para formar parte dende agora da historia e do recordo do noso instituto. Despídense, tamén, algunhas profesoras e profesores que si se poden citar por ser, afortunadamente, poucos. É o caso de Iñigo, o director, que, ben no despacho, ben nos corredores, andou sempre a pé de obra e esa presenza notouse e agradeceuse. Despídense Sonia, a de mate, que estivo en boa parte das actividades e proxectos que no centro se levaron a cabo e que non me estrañaría que seguisse cooperando dende o seu novo destino nalgún traballo inacabado. Despídense Laly a PT, extraordinariamente efectiva nos “apoios”, como ben sabemos os profesores de aula e a quen tan agradecidos deben estar os alumnos beneficiados...e despídense, tamén, quen isto escribe, Alberto, o de lingua, que, como sempre sucede neste oficio de ensinar, recoñece levar a mellor parte: a de aprender dos compañeiros e compañeiras docentes e non docentes, e fundamentalmente de vós alumnos e alumnas do Illa de S. Simón.

E, para rematar, unha breve mención a dous recortes que nos afectarán moi negativamente: un, o orzamentario resultado da crise económica que padecemos e que vai reflectirse na diminución de profesores no centro, o incremento de alumnos por aula e outras insignificancias polo estilo. Aos docentes, para írmonos acostumando, xa nos recortaron algo que aínda que puidese parecelo non é nin o ánimo nin as gañas de facer como é debido o noso traballo. E, outro, o coñecido como “decretazo da lingua”, que máis que un recorte semella unha poda no bonsai do idioma coutando os novos gromos por pequenos que sexan; non vaia suceder que o exemplar acade a corpulencia que merece.

E máis nada, salvo engadir o desexo de que, a non moito tardar, a crise remita, o ensino público sexa recoñecido no seu valor e tratado en consecuencia e o actual bonsai da lingua dea paso a un frondoso exemplar onde sexa inútil o labor dos podadores de bonsais.

Bo verán e unha aperta sentida.

BOA XUBILACIÓN COMPAÑEIRO



DEPARTAMENTO GALEGO

GUSTOUNOS / NON NOS GUSTOU

Do San Simón

Gustounos a viaxe a Madrid, o profesor Iván, os entroidos, o bo trato cos profesores e compañeiros, os desfiles, o profe Dani de tecnoloxía, os proxectos, Marta, as clases con “Super Sonia”, Loli, o partido de fútbol de alumnos VS profesores, Mary Joe, as viaxes a Cies e Ons, Patri, as titorías con Rose Mary, as conversacións con Domi, as clases de bioloxía con Alicia, a alegría de Manoli, pasar tanto tempo con Luís, a amabilidade de Chuco e Verónica, a caída do Tellado, os actos no multiusos, tocar a pandeireta e bailar en música, a roupa de Elvi, as relaxacións en plástica, ir en clase coas amigas, cantar en francés con Toñi, o magosto, as clases de aerobio no corredor, as horas libres, as clases de tecnoloxía, as clases con Belén..

Non nos gustaron as clases de matemáticas, os exames de historia e latín, as discusións con Javi o de música, as clases no corredor, cando os profes Javi e Carolina rinse de nós despois de rifarnos, dar clase no Mendiño pola tarde, a marcha dos profesores que máis queríamos, a despedida de Loli, o cheiro da depuradora, as relacións frías cos malos compañeiros, a cooper e o course navet, os suspensos, ter tantas clases seguidas con Luís, as tonterías de Íñigo, e o peor de todo.. TER QUE MARCHARNOS...

Carmen, Luna e Sandra 4ºA

OS NOSOS ANOS NO ILLA DE SAN SIMÓN

Catro anos vendo as mesmas paredes día a día... Os mesmos profesores, os mesmos compañeiros... Recordo que chegamos un pouco asustados, pois dicíannos que ía ser moi difícil e en parte tiñan razón pois os primeiros días todo era novo para nós, o colexio, os profesores...

Cando volvemos a vista atrás dámonos conta de que os momentos vividos nestes catro anos só son recordos na nosa memoria e do rápido que pasa o tempo. Fomos superando non só os cursos senón os obstáculos que foron aparecendo, desde despedidas de compañeiros ata a chegada de outros novos. Agora somos nós os que temos que separarnos, uns seguiremos xuntos rumbo a bacharelato, outros a ciclos e outros...

Neste colexio vivimos de todo: momentos bos e momentos non tan bos, pero todos eles formarán parte da nosa vida.

Ata sempre

David Peña Vázquez



A miña vida feita trapos

Aínda non son moi vello, só teño 6 – 7 meses de idade, non tiven unha infancia feliz e non terei unha longa e feliz vida. Nacín nunha gaiola e non coñezo outra cousa máis que a fala da xente que pasa por aquí día e noite. Esas persoas déronme a coñecer palabras como diñeiro, beneficios, agonía, industria, peletería e outras que só me facían sentir un verdadeiro obxecto cun único destino...

Vexo marchar cara ese destino a miles de compañeiros, que coma min, tiveron a desgraza ou sorte de nacer e morrer así.

Teño escoitado historias desoladoras dentro desta gaiola, os meus amigos chegaron a mutilarse un membro e ver como se comían os uns aos outros. A iso redúcese a miña vida: a unha sucesión de momentos horribles que culminan cunha morte desapiadada.

Xamais poderei facer o que faría vivindo en liberdade, xamais me mergullarei, non saltarei nin rubirei ás árbores.

Vida miserable, morte miserable.

A pel do visón segue sendo a máis rendible da industria peleteira (uns 72 millóns de euros ao ano en España) centos de miles destes animais morren cada ano gaseados con monóxido de carbono, a súa agonía pódese alargar ata 30 minutos. Todo para conseguir pel de visón, 50 visóns para facer un abrigo ¿canto valen as súas vidas? Para a industria peleteira de tres a cinco mil euros por abrigo...



Alicia Tizón Núñez 2ºB

Aula Verde

Este ano na programación do curso de Tecnoloxía os nosos compañeiros de 2º e 4ºDC fixeron unhas prácticas anovadoras relacionadas coa enerxía renovable. Fabricando cociñas e fornos solares.

O proxecto consistía na elaboración dún forno con materiais reciclados.

Cunha caixa de cartón a cal se illa termicamente con illantes reciclados (papel, periódico...) isto encerraba outra caixa toda ela forrada con papel espello para reflectir os raios solares e centralos nun recipiente tamén reciclado, pintado de negro para que a súa absorción sexa mellor e poder así cociñar o prato máis adecuado para estas cociñas.

A absorción dos raios solares realízase a través dunha ventá transparente, a cal deixa pasar os raios e evita que saia a calor, todo isto coa axuda dun reflector que aumenta a incidencia dos raios solares.

Os compañeiros que fixeron este proxecto relacionado coas enerxías renovables, despois de moito traballar, resolvendo posibles problemas que se lles ían presentando na súa fabricación e con moita paciencia conseguiron acabalo, dinnos os nosos compañeiros.

Tivemos a oportunidade de velos expostos o día 15 de abril na entrada do alumnado.

Lidia 4º A e Hajar 4º A



Como facer da Terra un mundo verde

Aínda que nós vivimos na Terra e temos unha gran responsabilidade sobre o medio ambiente, o noso planeta non nos pertence. Nel tamén viven outras especies como son as plantas, os insectos, os paxaros ou os peixes, e nun futuro tamén estará habitado por outras xeracións que, desafortunadamente, padecerán as consecuencias dos nosos erros.

Moitos dos problemas medioambientais existentes no planeta, como os ocos na capa de ozono, foron causados pola acción humana e nós somos os únicos que podemos solucionarlos ou frealos. Pero para lograr este obxectivo antes hai que decatarse do seguinte: a educación é extremadamente importante. Se a xente aprendese a reciclar o seu lixo, en vez de tiralo sen preocupación, diminuírían os problemas. Pois non sería preciso a creación de vertedoiros, e as fábricas, que contaminan a atmosfera, non terían que xerar tantos produtos.

Mais, a realidade é moi distinta a isto que vos estou presentando. Actualmente, o 80% do lixo vai parar aos vertedoiros e só un 20% é reciclado. E, cal é o problema? Pois moi sinxelo. O principal problema é que estamos producindo unha gran cantidade de lixo anualmente e os vertedoiros existentes no planeta están completamente cheos. Onde imos depositar o lixo nun futuro? Pois a resposta a esta pregunta eu non vola podo dar, pero si podo aportar algunhas solucións.

Estou segura que non é a primeira vez que oídes falar das 3 erres. Pois esta é unha das mellores aportacións que podemos facer para intentar solucionar estes problemas medioambientais. Consiste no seguinte:

- **Reducir.** Entre todos debemos reducir a gran cantidade de lixo que vai parar aos vertedoiros. Algúns exemplos deste proceso son: comprar baterías recargables, non mercar cámaras de usar e tirar...
- **Reutilizar.** Consiste en intentar usar as cousas tantas veces como sexa posible antes de tiralas. Un exemplo moi común é levar bolsas da casa cando se vai á compra, ou doar a roupa que xa non queres á beneficencia...
- **Reciclar.** Vidro, papel, plástico, todos estes materiais poden ser reciclados. Así, estes non irán parar ao vertedoiro, e as fábricas non necesitarán producir tantas botellas, paquetes ou papel. E como consecuencia, vai ser menor a contaminación que prexudicará á atmosfera.

En resumo, eu creo que todos nós debemos facer un último esforzo para transformar a Terra nun lugar verde e respirable. Nós, somos os únicos que podemos cambiar o seu destino. O futuro do planeta está nas nosas mans.

SARA PINTOS 4º B



A FELICIDADE

Ola!

Chámome Breixo, levo neste cárcere xa tres anos e aínda non entendo como vou superando cada día que paso nestas tres paredes máis unha morea de barrotes. O meu tempo estase a rematar, xa que ademais de estar aquí inxustamente teño unha enfermidade que non é, precisamente, un luxo. A xente chámalle SIDA ou VIH pero eu prefíroo chamar condeniña, pois xa lle collín cariño, poderíase dicir que me acostumei a ela.

Nestes tres anos pensei en todo o que me estou a perder como o simple feito de ver como os meus fillos van medrando e van cambiando, ou os bicos da miña muller ao amencer, ou as tardes nas que saír do traballo e ir tomar unhas cervexas cos compañeiros era o que mellor sentaba. Todas estas cousas fóronme arrebatadas inxustamente pero supoño que despois de tanto tempo... vouno asumindo.

Seguramente pensarás “se todo iso me pasara a min, dubido moito que estivese vivo”. É normal, o primeiro ano non levantei cabeza pero...non sei supoño que... me fun facendo á idea. Durante ese ano só pensaba no malo, que non sairía ata sete anos despois, que vería a xente libre pasear dende a miña humilde “casiña” e miles de cousas máis. Pero cando me dixeron o da miña enfermidade todo cambiou, ao saber que che quedan menos de trinta e dous meses de vida comezas a reflexionar sobre todo, e a visión que tiñas antes da vida cambiache totalmente. Comezas a apreciar cada regaliño que o día deixa tralo seu paso porque sabes que non o recuperarás. Cada vez que a miña muller me vén visitar é un pequeno regalo máis, cando veñen os meus fillos é outro obsequio, cada miguiña de pan que me dan para comer é mellor que cen mil kilos de marisco...; son eses pequenos detalles que me devolven á vida.

Pregúntaste se son feliz, pois... se che digo a verdade... si, teño unha camiña só para min, unha familia que non se esquece de que estou aquí e os compañeiros doutras celdas non se portan tan mal. O único que me fai un pouco de “dano” é que sei que a miña vida rematará sen ser vello, pero para estar na situación na que estou poderíache dicir que: SI, SON FELIZ.

Esta carta foi escrita por un home ao que a vida non tratou demasiado ben. Quérenos demostrar que a felicidade non se esconde nas cousas materiais senón na xente que está ao noso redor e non nos dámos conta. Podes ter todo o diñeiro do mundo, todo os luxos posibles, todo o inalcanzable pero.... Se non hai alguén que o disfrute contigo, sérveche de algo?

Para este home o verdadeiramente importante era que a xente que máis quería nunca se esquecía del e, aínda que non tivese a preciada liberdade nin unha saúde do mellorciñosabía que podía contar cun ombreiro no que apoiarse e desafogar. Temos que valorar a xente, non as cousas.

SARA PAZO 4º B

Entrevista a Alberto Platero por

Carmen e Sandra (4ºA)

1. Eras bo alumno de pequeno?

Por temporadas pero algúns cursos moi mal xa que non me gustaba estudar.

2. Dende pequeno quixeches ser profesor de galego?

Non de pequeno o único que quería era non estudar, era mais cómodo. Quixen selo cando se puido. Primeiro fun profesor e despois profesor de galego.

3. Copiabas nos exames?

Cando podía aproveitaba para copiar.

4. Cal era a túa materia preferida?

As linguas e a filosofía.

5. Acórdaste de teu primeiro día como profesor?

Sí, pero non foi realmente importante xa que cando estudaba faciamos practicas. Pero algo recordo, dun colexio de Asturias e todas as nais asomaban pola fiestra.

6. Algunha anécdota que che gustaría contar?

Moitísimas, pero unha que me fíxo graza foi que un alumno pasouse falando “Del asno de Róterdam ”(Érasmo de Róterdam) e ademais sacou moi boa nota.

7. Hai canto tempo que traballas neste instituto?

Inaugureino, leva 11 anos aberto.

8. Seguirías moitos máis anos?

Xa levo moitos e de maneira voluntaria prexubírome. Aínda que seguiría se fose neste colexio.

9. Que é o que máis che gusta?

O que máis me gusta é que é de Redondela e ademais porque é realmente pequeno.

10. E o que menos?

A arquitectura. Os corredores son moi estreitos, as portas están enfrontadas, ata nos voa o tellado. Temos goteiras e as pinturas están en moi mal estado. Os baños dos profesores teñen as portas pegadas e para entrar súas...

Ademais non temos salón de actos.

11. Levas moi bos amigos?

Respecto a todos porque son moi valiosos e profesionais, pero teño máis contacto con Elvira e Xosé Luís porque estamos no mesmo departamento.

12. Tes algún alumno preferido?

Recordo moitísimos, non os nomes pero si as súas caras. E teño que recoñecer que con algúns alumnos teño fixacións negativas polo seu comportamento inactivo.

13. Hai algunha frase que utilices moito cos alumnos?

Cando quero chamar a atención digo. “jate!” e ás veces digo “eu castejano no”.

14. Tiveches algún cargo directivo nalgún instituto?

Si, fun director nos primeiros momentos en Asturias, fun secretario cinco anos en Bilbao e aquí catro anos coordinador do equipo de normalización lingüística.

15. Pensas que tes fama de algo?

Estou convencido, pero non sei de que.

16. Sabes algún apodo teu?

Seguramente terei algún e non me importa porque tamén fun alumno e os puxen.

17. Porque nunca participas no Entroido?

Nunca me disfracei, son moi cortado gústame ser espectador pero non protagonista.

18. Cales son as túas afeccións?

Teño que desmentir que me guste o fútbol (aínda que xogaba) utilízoo para falarlles do Celta, xa que todos son do Barcelona ou do Real Madrid e non valoran ao Celta. Xoguei ao baloncesto, mal, pero xoguei e tamén ao tenis de mesa que se me daba mellor.

19. Gústache ler? Que libro recomendarías?

Gústame moito ler e recomendaríavos “la perla” de John Steinbeck. Impresionoume moito coa vosa idade e aínda me gusta.

20. Con tanto tempo libre que vas facer?

Máis recados (rindo) o que non vou facer e o que non fixen ata agora. Gústame o mar e gustaríame mercar unha piragua pero das estables. E gustaríame pasar máis tempo en Baiona, ler máis, ir ao cine, viaxar...

21. E por último. Que é o que vas botar de menos?

O contacto cos rapaces. Non creo que haxa ningún profesor que non se involucre cos alumnos.



Carta ao alcalde de Redondela

Estimado Sr. Alcalde:

Neste día 25 de xaneiro dirixímonos a vostede para comunicarlle os diversos problemas medioambientais que están tendo lugar na nosa vila de Redondela.

Un exemplo que temos moi próximo está nos días 6 e 21 de cada mes, é dicir, nos días de feira. Nestas datas, ao remate da xornada quedan dispersas pola rúa unha gran cantidade de bolsas que finalizan no río, e logo ao mar, provocando unha gran contaminación.

Xa sabemos que as solucións a este problema non son doadas, pero aquí presentámoslle unha:

Na nosa opinión, unha posible solución a este problema sería que nos lugares de feira, houbera varios colectores para a reciclaxe e o máis importante, que se lles esixise a eses comerciantes que cada un recollese o seu propio lixo.

Finalmente, só nos queda esperar que leve á práctica a nosa proposta e agradecerlle a súa atención e o seu tempo.

Un saúdo. Atentamente.

Os alumnos de 4ºB do I.E.S. Illa de San Simón

A XUNQUEIRA

Ricardo 3ºB

O nome da Xunqueira vén de que antes, o río cubría a Xunqueira e estaba cheo de xuncos. A Xunqueira é un lugar da nosa vila, Redondela, onde podemos xogar, pasear, ligar,... A nosa vila non ten moitos lugares de ocio coma este. Nela hai: un parque con columpios para os nenos pequenos, unha pista de fútbol sala onde se realizan torneos no verán, un paseo, a “churrería de Pepe”, algúns kioscos e o “Multiusos de Redondela”, onde se encontra a biblioteca municipal e tamén se imparten clases de debuxo, teatro, guitarra, informática e outras moitas actividades.



A Xunqueira ten á súa beira o río Alvedosa, Correos e o auditorio José Figuroa, por diante están o Concello e a Alameda, por detrás os xulgados e hai un aparcamento soterrado.



FRASES CÉLEBRES DE HOMER SIMPSON

Operadora! Deame o número para o 911!

Oh, así que agora teñen internet nos ordenadores!

Bart, con 10.000 \$ seremos millonarios! Poderemos comprar todo tipo de cousas útiles, como... Amor!

Só porque non me importe non significa que non o entenda.

Normalmente non rezo, pero se estás aí-, por favor, sálvame Superman.

Fillo, se realmente queres algo nesta vida, tes que loitar por iso. Agora silencio! Van anunciar os números da lotaría.

Ben, é a 1 da madrugada. Mellor ir para casa e pasar algo de tempo de calidade cos meus fillos.

Quizais, só por unha vez, alguén me chame 'Señor' sen engadir "Está a montar "vostede unha escea".

Lisa, se non che gusta o teu traballo, non gañas. Só ve todos os días e faino a medias. Ese é o modo Americano.

Cando vou aprender? A solución a todos os problemas da vida non está no fondo dunha botella. Está na TV!

[Cos extraterrestres] Por favor, non me comades! Teño muller e fillos. Comédeos a eles!

Que necesitamos dun psiquiatra? Xa sabemos que os nosos fillos están tolos.

Marge, es tan fermosa como a Princesa Leia e tan lista como Yoda.

Non son un mal tipo! Traballo duro e quero os meus fillos. Entón, Por que teño que pasarme medio domingo escoitando como vou ir ao inferno?

Non é doado organizarse cunha muller embarazada e fillos con problemas. Pero dalgunha forma consigo organizarme para ver a televisión 8 horas ao día.

Quero compartir algo contigo: Tres pequenas frases que che axudarán ao longo da túa vida: 1- Cúbreme!, 2- Boa idea xefe!, 3- Estaba así cando cheguei.

Oh, a xente pode vir con estatísticas para probar calquera cousa. O 14% da xente sabe iso.

Nunca vou estar de baixa. Estou enfermo de ser tan saudable.

Respostas chorras en exames:

Barroco: Estilo de casas feitas de barro. (Como o seu propio nome indica)

Estimulantes do sistema nervioso: O café, o tabaco e as mulleres. (Non sei... A min dáme que o cravou...)

Palabra derivada de luz: Lámpada (Velaquí un iluminado...)

Círculo: É unha liña pegada polos dous extremos formando un círculo. (Oe, pois á súa forma...)

Marsupiais: Son os animais que levan as tetas nunha bolsa. (Marsupiais dexenerados...)

As algas: Son animais con caracteres de vexetais. (Se, como a túa cualificación...)

A arte grega: Facían porróns. (Contratedes este rapaz! Séculos de Arte resumidos nunha frase)

Cita organismos internacionais: A OJE, "Boyes Caos", USA, USS e UNI, Policía, bombeiros, Socorristas e cruz vermella. (Vaia... Parece que os "Boyes Caos" son universais)

Cita un verme que non sexa a lombriga de terra: A lombriga de mar. (Vale, esa puxéranha a ovo)

Que é a hipotenusa: O que está entre os dous paifocos. (Se, entre o cenutrio e o pardal)

Coñeces algún vexetal sen flores?: Coñezo. (Ah! Que tamén quería que che dixese cal?)

Partes do insecto: Son tres: in-sec-to. (moi-ben!)

Moluscos: Son eses animais que se ven nos bares, por exemplo o cangrexo. (E as luras, que crecen en bocadillos)

Os catro Evanxelistas: Eran 3: San Pedro e San Pablo. (4 en relixión, 0 en matemáticas)

A catedral de León: Foi construída polos romanos grazas a un arquitecto americano. (Usarían o Delorian para viaxar ao futuro?)

Que é a atmosfera?: A atmosfera é o sitio onde se encontran os procesos atmosféricos como as nubes. Nesta parte prodúcense os raios sísmicos, que son aqueles que producen os terremotos e o tremor de terra. (E onde pasabas o tempo nas clases de bioloxía...)

Movimentos do corazón: De rotación arredor de si mesmo e de translación arredor do corpo. (Se, os termos sístole e diástole sempre me pareceron un mito...)

Os marxinados: Viven na rúa, non teñen diñeiro e non posúen privilexios como é obvio. (Equivócaste, eses son os internautas...)

A soberbia: É un apetito desordenado de comer e beber, que se corrixe practicando a luxuria. (Do último estou completamente seguro...)

Área do triángulo: É igual á cuarta parte da metade do seu lado pola semisuma da raíz cadrada de tres. (Máis a raíz cúbica do cadrado dos paifocos)

Esqueleto: O papo da perna está formado polo óso máis longo do corpo, que é o

fémur, que vai dende o omoplato ata a rótula. (... nin Frankenstein...)
O cerebro: As ideas, despois de falar vanse ao cerebro. (Así che vai...)
Terremotos: Son movementos bruscos que tragan as persoas. (Non me gustaría encontrarme pola rúa cun movemento brusco deses)

Definición de ruminantes: Son os que eructan ao comer. (Tamén se lles chama cochos...)

Música, a orquestra: A orquestra é cando se xunta moita xente que toca, e toca a música. Os instrumentos colócanse uns diante e outros detrás e iso depende do tamaño, por exemplo a gaita colócase sempre diante. (Sempre me gustou o son da gaita nunha orquestra)

Países e lugares produtores de mel: A Granxa de San Francisco. (É obvio...)

Fósiles: Son uns señores moi antigos. (E tanto... pobres señores...)

Animais polares: Son a Osa maior e a Osa menor. (E a de Coca-Cola?)

Peixes: O caviar faise con ovos de "centurión". (Están tolos estes romanos)

Onde foi bautizado Xesucristo: En Río de Janeiro. (Claro, con Ronaldinho e Romario)

Linguas vernáculas: As que se falan nas tabernas. (E en segundo que casas...)

Comando CD de MSDOS: Serve para facer Compact-Dis. (E o canon da SGAE? Sáenos pola impresora?)

Movemento adagio: Iso non o trae o meu libro. (Efectivamente, a ti non te pillaron coa pregunta...)

Xeografía: En Holanda, de cada catro habitantes, un é vaca. (As vacas ata cotizan na seguridade social, están moi avanzadas).

Erasmus de Rotterdam: O Asno de Rotterdam é a escultura dun burro célebre que está en Amberes. (Non teño palabras...)

Insectos: O paludismo é producido pola mosca "SS". (Esas moscas nazis hai que ter un coidado...)

Depuración da auga: Faise polos raios ultravioletos. (Se, porque se che pilla un...).

Anfibios: Dos ovos de ra saen unhas larvas chamadas cachalotes. (Cachalotes nas pozas? Imaxinen o espectáculo).

Comentar algo do 2 de maio: De que ano? (Aí, vacilando, que chos sabes todos dende 1576)

Insectos: Son unha especie de aves pequenas. (Igual que os arácnidos, que son mamíferos de 8 patas).

Como se chaman os habitantes de Ceuta: Centauros. (E os minotauros de onde son?).

Posición dos ollos nas aves rapaces: Un cara a arriba, outro cara a abaixo e outro cara a atrás. (O de atrás quedou moi claro...)

PREGUNTAS

1. Buscando auga unha ra caeu nun pozo de 30 metros de fondo. No seu intento de saír a ra conseguía subir 3 metros cada día, pero na noite esvaraba e baixaba 2 metros. Cantos días tardou a ra en saír do pozo?
2. Unha muller "dispara" ao seu HOME. Logo mergúllao baixo a auga durante 5 minutos, e finalmente cólgao. Pero 10 minutos máis tarde van cear e gozan dunha inesquecible reunión xuntos. Como é posible?
3. Un vagabundo fai un cigarro con cada sete cabichas que encontra no chan. Se encontra 49 cabichas, cantos cigarros poderá fumar?
4. Moi rápido: Tes 1000. Agora súmao 40. Súmalle outros 1000. E 30 máis. Máis outros 1000. Máis 20. E súmalle outros 1000. E agora 10 máis. Total?
5. Condenan a un asasino a morrer e ten que elixir un destes tres cuartos: o primeiro está completamente en chamas; o segundo esconde varios psicópatas armados e con ordes de matalo; e o terceiro está cheo de leóns que non comeron nada en 3 anos. Cual é o cuarto máis seguro para el?
6. Un mago presumía de que era capaz de aguantar a respiración baixo a auga durante 6 minutos. Un neno que o escoitou díxolle: "iso non é nada... eu podo estar baixo a auga durante 10 minutos sen usar ningún equipamento especial, nin botellas de osíxeno! " O mago díxolle ao neno que se o conseguía daríalle 10.000 euros. O neno fíxoo e gañou o diñeiro. Como o conseguiu?
7. Estás a participar nunha carreira. Adiantas ao que vai segundo. En que posición estás agora?
8. Na mesma carreira, se adiantas o que vai en último lugar, entón estás na posición...
9. Consegue as 3 letras necesarias para formar 5 palabras completas
M _ _ _ _
S _ _ _ _
B _ _ _ _
B O U T _ _ _ _
P A _ _ _ _
10. O pai de Ana ten cinco fillas, que son: Nana, Neno, Nini, Nono. Como se chama a quinta filla?
11. É correcto que un home case coa irmá da súa viúva?

Solucións:

1. Pode que respondeses 30 días... pero son 28. Se o pensas un pouco o pillas.
2. A muller é fotógrafa. "Disparoulle" coa cámara de fotos, e logo fíxolle o revelado (o de "colgalo" é o secado).
3. ¿7? Pois non! Son 8... pois tras os 7 cigarros que inicialmente pode facer, logo crea un último coas cabichas destes.
4. ¿5000? Pois non! A resposta correcta é 4100. Compróbaos.
5. A terceira. Os leóns que non comeron en 3 anos están mortos.
6. O neno puxo un vaso de auga sobre a súa cabeza.
7. Se contestaches que es o primeiro... mal! Se adiantas ao que vai segundo, colócaste no seu lugar, polo tanto... TI quedas na segunda posición.
8. Contestaches "o penúltimo"? Dime... como podes adiantar ao que vai ÚLTIMO?
9. ELA... agora pensarás que o enunciado é incorrecto... pero non. Son só 3 letras: E, L e A.
10. Contestaches Nunu? Mal! A resposta correcta é Ana. Volve ler a pregunta!
11. Non pode casar porque está morto!

	6	4		9	7			
					6	3		7
		7	1	8				
4		8			9	7		2
	3			2			9	
7		2	8			1		5
				1	2	5		
1		6	4					
			9	6		8	1	

9	4		1		2		5	8
6				5				4
		2	4		3	1		
	2						6	
5		8		2		4		1
	6						8	
		1	6		8	7		
7				4				3
4	3		5		9		1	2

Aira 4º A

CONCURSO LITERARIO

1º PREMIO



DAVID CAMPOS 2ºB

Fairi, memorias dunha botella.

Vouvos contar a historia dun bote dun produto de limpeza. Nesta historia non vou dicir marcas, só vos vou dicir que se chamaba Fairi.

Fairi vivía nun dos supermercados de “Alaciudad”, no andel tres, ao fondo de todo. Coa crise a xente compraba marcas brancas e Fairi estaba triste no seu andel. Todos os días falaba coa súa amiga leituga, que estaba no andel de enfronte. Falaban de fútbol, política, economía, ...

Pero certo día alguén comprou a leituga, mais Fairi non quedou triste, pois se non a compraba ninguén acabaría por poñerse mala. Oíra que as leitugas cando se poñen malas engúrranse e ennegrecen . Algo que os humanos chaman podreecer.

Fairi estaba desesperado, se ninguén o compraba pronto os donos do local tiraríano así que se puxo ben adiante, onde o puidesen ver ben. Estivo bastante tempo alí, ata que certo día alguén o mercou...

Metérono dentro dunha señora a que non coñecía. Esta era moi charlatana e o Fairi non lle caía moi ben. Era branca coma a neve e tiña dúas orellas ben grandes pero ocas por dentro. Chamábanlle Bolsa, o Fairi pareceulle oír que valía 30 céntimos. << Lóxico >> pensou <<alguén tan falador e insoportable ten que valer menos ca min>>

Bolsa e mais Fairi foron metidos nunha gran besta de metal que non facía máis que ruxir. A besta non paraba de fumar e botaba o fume por un tubo que tiña no c... na parte traseira. De pronto alguén o pechou dentro daquela besta e todo comezou a tremar. Pasou bastante tempo tremendo. Logo, maxicamente, a porta abriuse de novo e xa estaban noutro lugar.

Leváronos dentro doutro local, pero ao parecer alí non estaban para ser vendidos. Ao Fairi parecíalle que por fin ía ser útil, e estaba orgulloso. A charlatana Bolsa foi parar ao lixo.

Pouco a pouco pasou o tempo e comezaron a gastalo. Unha tarde mentres falaba cunha araña da despensa amiga del, chegou un novo inquilino, unha botella de lixivia que se chamaba Estrela (que non, que non. Que non vos podo dicir a marca). Foi gastada antes ca el e foi parar ao lixo, xunto con Bolsa.

O Fairi estaba impaciente por gastarse e reunirse cos seus amigos. A súa impaciencia era tal que case rozaba a desesperación. E por fin chegou o día. Tras doce semanas Fairi gastouse. Por fin ía ir cos seus amigos, unha man dun humano colleuno e, no que a el lle pareceron horas pero que en realidade foron segundos, rematou no lixo. Pero que desilusión! Alí non estaban nin Estrela, nin Bolsa, nin ninguén. Solo estaban produtos descoñecidos por el.

Pouco despois descubriu que o lixo era vertido nun colector e posteriormente nun camiión. Isto pasaba cada día e explicaba por que Estrela e Bolsa non estaban alí. Fairi non sabía que lle esperaba cando o camiión o verteu nun gran morea de envases coma el. Alí fixo moitos amigos e, un día, escarvando un pouco, atopou a Estrela. Por fin!

Estaban reunidos, pero quen lles dicía que non se volverían separar? Aprendeu que alí estaban esperando a ser derretidos, pero ninguén sabía para que. Pasou moito tempo e Estrela e Fairi paseaban xuntos polos montóns de lixo, dábanse biquiños... vaia, o que soen facer os namorados... pero non todo era bonito. A incineradora de envases acendera, e agora tocáballes ser derretidos.

Fairi sentiu a calor, non soltou a man de Estrela ata que os dous se derreteron. Todo foi amor, os seus corpos xuntáronse nun e volveron tomar a forma dunha botella. Unha nova besta transportounos a unha fábrica. Onde unhas estrañas máquinas os etiquetaron co novo nome de Coca-Cola, Coca era Fairi e Cola era Estrela. Agora sabían que estarían xuntos para sempre.

Pode que agora mesmo, dous envases se estean a namorar na túa despensa, e se queres que acaben xuntos o que debes facer e reciclar. Faino por eles.

2º PREMIO



ANA FERREIRA 3ºB

A EXTRASATURNIENSE

Algunha vez vos parastes a pensar no grande que pode chegar a ser o Universo? Algunha vez chegastes a imaxinar que pode haber vida intelixente noutros planetas? Non me refiro a eses monequiños que saen en tantos cómics e películas. Eu falo de seres similares aos humanos, pero que son máis racionais e respectuosos con todo o que os rodea. Estas xentes, habitan nun planeta que está na mesma galaxia que o noso: Saturno.

Nunca oístes falar del? Si, home, si: é ese que ten os aneis ao seu arredor. Ben, segundo din os científicos, aquí é imposible a existencia de vida. Eu sei que non é verdade, aínda que isto non llelo podo dicir ós meus superiores, por moito logro que sexa para a humanidade: foi unha promesa que fixen aos Saturnianos. E espero que todos vós manteñades tamén o meu segredo.

Primeiro de nada, chámome Carme e son unha das poucas mulleres que traballan na NASA,... e a única galega. Nacín en Caldas de Reis, aínda que agora a miña residencia está en Washington, polo meu traballo. Non estou casada nin teño fillos, pero disfruto da compañía da miña cadela, Laica. Xa vos imaxinaredes por que se chama así.

Dende que era unha nena soñaba con ser astronauta e viaxar polo espazo. Agora que o conseguín, podo dicir que adoro o meu traballo, pero non por facer longas travesías entre as estrelas, senón porque nunca sabes o que podes atopar detrás delas. Isto entenderédolo cando vos conte o que me aconteceu unha vez en que me encomendaron unha misión na que debía investigar se había vida intelixente en Saturno, xa que desde un satélite artificial divisaran sinais luminosos regulares. Primeiro mandaron satélites e sondas espaciais, pero perderon a conexión con eles e non a recuperaron nunca.

O momento en que montei na nave para marchar foi moi emocionante, tanto para min como para os compañeiros coordinadores que quedaron na estación espacial. Todos sabiamos que corría un gran perigo, pero eu tiña o presentimento de que todo sairía ben. Non me podía deixar vencer polo medo: unha astronauta ten que ser valente.

A medida que me alonxaba da Terra ía notando cada vez máis escuridade, só atenuada polo brillo das fermosas estrelas.

No primeiro día da miña viaxe, divisei Marte, e o día seguinte, Xúpiter. Por fin, na terceira xornada albisquei o meu destino: Saturno. Os seus aneis apreciábanse dende lonxe, de cor amarela e coas súas luceciñas de cores... Agarda un momento. Luceciñas de cores? Nos aneis de Saturno? Non pode ser! Achegueime a toda présa, e conseguín velas. Alumeaban o suficiente para poder distinguir o que parecían ser unhas persoíñas, que corrían inqueda dun lado para outro sinalándome. Foise apagando a craridade pouco a pouco, e todo volveu quedar a escuras de novo. Non sabía ben se o que vira fora real.

Por fin, ás oito da tarde, hora terrestre, aterrei en Saturno, sobre unha zona chá, acolchada por unha especie de herba. Era unha noite moi negra, máis que na Terra. Isto xa o esperaba, pola distancia enorme que o separa do Sol. Ao pouco, pedíronme un informe da miña situación dende a base, ao que respondín que acababa de aterrizar, que era de noite e que estaba a punto de analizar o aire. Aconselláronme que tivese coidado e aseguráronme que se poñerían en contacto comigo á mesma hora do día seguinte. Pechouse a comunicación.

Entón saquei por unha ventá lateral un analizador automático de ambiente. Os resultados foron transmitidos oralmente polo aparato: “Gravidade, osíxeno, aire respirable” .

Saín cunha lanterna para recoñecer o terreo, tomando nota dalgún punto que puidese servir de referencia, para orientarme. Dirixinme cara unha zona debilmente iluminada. A medida que me achegaba podía distinguir de novo as luceciñas de cores. Non vos imaxinades que eran: flores de tódolos tamaños, formas e cores, que se ían acendendo ó meu paso. Avancei neste xardín e mirei atrás: nada, só escuridade, porque a medida que ía andando as flores apagábanse. Había un bosque, montes, un regato... parecía que estaba na miña terra, en Caldas. Despois de andar durante unhas horas seguía sendo de noite, e decidín volver cara o lugar onde aterrara para descansar un anaco. A miña sorpresa foi que cando cheguei alí, a nave non estaba! Non o podía crer: como ía facer agora para volver a casa? Tentei tranquilizarme pensando que era posible que me trabucase, ou me despistase na volta. Así que volví por onde estivera antes por se acaso. Pensei: “Carme: unha nave espacial non se perde así como así. Ponte a busca.”

Dito e feito. Andei e andei, acompañada das flores luminosas, pero o único que atopei foi unha casiña, situada no interior dun bosque, rodeada de silvas e toxos. Achegueime e petei. Como ninguén contestou, entrei e peguei uns berros a modo de saúdo, pero só me respondeu o silencio. Dei por feito que a casa estaba realmente abandonada e boteime a durmir alí mesmo, no chan.

Non espertei ata a mañá seguinte, cando escoitei unha voz moi aguda, que berraba na miña lingua. Abrín os ollos para saber quen era o que profería semellantes berridos e atopeime cun homiño dunha altura inferior á miña, que andaba dun lado para outro, inquedo. Tiña a pel de cor vermella e os seus cabelos dourados estaban anuados cun cordel negro á altura dos ombreiros e caíanlle polas costas, ata chegar á cintura. A súa mesta barba, da mesma cor dourada, longa ata o bandullo, case lle tapaba a camiseta feita de follas, ao igual que os seus pantalóns.

En canto me erguín, deixou de berrar e fitoume. Ao pouco, atreveuse a dicirme: - Quen es, “extrasaturniense”? De onde vés?.

Entón eu conteille todo o que me sucedera dende que saíra do meu planeta ata que espertara esa mañá. Quedou un cacho pensativo e logo presentouse: chamábase Alén e era o responsable desa comunidade de Saturnianos. Díxome que atoparan a miña nave e que a gardaran nun almacén de reciclaxe, ao igual que o resto de cachivaches que chegaran ao seu planeta dende o espazo, xa que eran danos para eles e as súas plantas. Explicoume que en Saturno non permitían ningún desenvolvemento que puidese poñer en perigo a súa natureza. Todo alí se facía reciclando materiais e empregando sustancias totalmente naturais. Eles sabían que se o seu aire se contaminaba, as súas plantas deixarían de producir luz, e esta era a única fonte de enerxía que tiñan. Sen ela, todos, o planeta enteiro, morrería. Pregunteille polo petróleo, o vento, o carbón... Estrañoume que sendo unha forma de vida intelixente, non desenvolvesen outro tipo de enerxía.

- Para qué?- contestoume- O único que temos que facer, é coidar, protexer e alimentar a nosa natureza. E, por suposto, non malgastala. Ela dános toda a enerxía que precisamos. É por iso que non podes marchar de aquí. O fume da túa aeronave mataría moitas especies.

Supliqueille que me deixase ir. Asegureille que non ía facer ruído nin fume. Prometinlle non volver. Pero todo foi inútil. O meu “cachivache”, como el lle chamaba, podía provocar un desastre natural.

Entón ocorréuseme unha idea extravagante: Por que non faciamos unha nave ecolóxica? Xusto despois de propoñelo, deime conta de que era unha tolería. Pero Alén colleu unha folla de cabaza moi grande e unha póla de carballo moi fina chea dun zume de cor vermella, e comezou a debuxar un plano. Cando o rematou marchou e pediume que o agardase. Volveu cunha chea de troncos, axudado por un exército de homiños moi parecidos a el. E puxéronse mans á obra. Eu axudei cos meus coñecementos de aeronáutica. Empregaban madeira que recubrían dunha substancia impermeable e ignífuga. Colocáronlle a radio, os monitores e os mandos da miña antiga embarcación. O carburante fabricáronos coas follas de salgueiros mesturadas con carabuñas de pexegos.

Parecíame increíble, pero funcionou. Aseguráronme que voaría ata entrar en contacto coa atmosfera terrestre. Entón toda a cuberta se desintegraría, polo que tiña que levar posto un bo paracaídas.

Metinme na nave. Era idéntica á miña, excepto por un arrecendo a menta e xazmín que había no interior. Despedinme dos Saturnianos que me fixeron prometer non desvelar a súa existencia. As luces que eu vira ao chegar volvían estar encendidas.

Despeguei cara o espazo. A miña radio comezou a soar: os meus compañeiros conseguiran contactar comigo outra vez. Novamente atopábame rodeada de estrelas. Volvía a casa.

3ºPREMIO



ADRIÁN MOREIRA 2ºA

A Almiña Perdida

Outro día a facer horas extra na oficina. Aquela alma non fora numerada nin clasificada, seguramente por culpa do inútil de Sludig, aínda que xa llo reprocharía máis tarde, agora tiña que atopala el, Belfegot, un antigo anxo que se unira a Lucifer na revolta contra Deus, que a pesar da súa fidelidade ao Dono do Inferno, só posuía un cargo menor neste: traballaba no seu primeiro círculo, o Limbo, e tiña que levar conta das almiñas que entraban no Inferno a través deste lugar. Tomábao con calma: xa pedira a solicitude de traspaso ao terceiro círculo catro veces, para poder azoutar libremente as almas residentes; pero foi rexeitado as catro, e así, como non podía pór en uso os seus poderes, estes foron mermando ata ser o que era hoxe: un obeso, patoso e miope demo.

No chan había pequenas partículas espirituais -pilleite- pensou, ufano, Belfegot, xa que estas indicaban claramente o tránsito dalgunha alma. Seguindo este rastro, chegou ao cuarto círculo -agora terei que meterme nesta noxenta laguna... Ben, que se lle vai facer, aínda que os zapatos novos vánseme encher de auga cenagosa e o meu pantalón azul ensuciarase. Mentres camiñaba polo cuarto círculo atopou un vello atallo que el mesmo descubrira entre unha fenda na parede volcánica. Tras arrimarse moito á parede, xa que era moi gordo, e o corniño que lle

saía da calvorota rozara unhas poucas veces no teito, chegou ao outro lado, que daba á ponte que conducía a Dite, cidade do inferno en chamas.

Camiñando polas rúas da concurrida cidade mirando as almas coas que se cruzaba por se se atopaba coa que buscaba, chegou ao Sarcófago Vermello, unha coñecida tasca de por alí, e pensou que non lle iría mal tomar un traguíño de algo. Ademais, podería charlar sobre como ían as cousas por alí co seu bo amigo Dalil *Guillohrtha*, que era un demo raso de gran astucia, pousadeiro e dono do local.

-Usei o vello tunel para chegar ata a ponte, e aquí me ves, esgotado por nada -díxolle a Dalil mentres bebía da súa recién servida cervexa Pulsch Tostada- o meu corpo non é o que era.

-Dende que estas no Limbo non fas máis que botar barriga, amigo Belfegot. E ese traspase parece tardar en chegar -dicía *Guillohrtha* mentres secaba un vaso co seu mandil- dende que sacaron as oficinas do primeiro círculo, xa non é o que era. Falando do Limbo, que fas ti por aquí?

-Acordaste de Sludig? Pois deixou pasar unha alma sen numerar, e o seu rastro trouxome ata aquí, a Dite. A súa tortura foi a de compresión con moldes, así que é doada de ver.

-Vaia, vexo que aínda non perdistes os teus poderes e que tras esa aparencia inofensiva aínda está o demo que eras antes; iso só para seguir a unha alma común ata aquí. Pois verás, estás de sorte, estivo por aquí. Pero iso non é asunto meu, senón de Harmonía.

-Non me digas que Harmonía meteu tamén os seus fociños! Vaia, agora si que vai ser complicado atrapar a esa *anxélica* alma...

-Non me fagas rir! Que esa condenada siga atemorizándote aos teus anos...veña, iso foi hai moito tempo, é cousa do pasado

Primeira cousa que lle molestaba a Belfegot dela: Harmonia *Justin* traballaba con Belfegot no rexistro. Ela tamén solicitara un traspaso, o cal foi aceptado nada máis pedilo. Ademais disto, ao irse deixoulles máis traballo a el e a Sludig.

Segunda cousa que lle molestaba a Belfegot dela: era unha das demos máis fermosas de todo o inferno, e tiña montóns de admiradores por tódalas partes. Isto incomodábao especialmente, porque el, nos seus tempos de demo forte e xove, estivo con ela, pero deixouna.

Terceira cousa que lle molestaba a Belfegot dela: Harmonía era a persoa máis tramposa, arteira, encantadora, timadora e estafadora do lugar, que xa era dicir. Moitas veces atrápabaa por asuntos de dubidosa legalidade, tamén como vinganza, pero sempre, non sabía como, amañábase para escapar del.

Cuarta e máis importante cousa que molestaba en sobremaneira a Belfegot dela: era unha demo de maior rango ca el, e tiña o poder de darlle ordes que debía cumprir. Nua pasada batalla entre demos e anxos, ela mandaba sobre a súa unidade, e deixouno en estrepitoso ridículo diante dos anxos e dos seus propios compañeiros. Ela non desaproveita ocasión en recordarllo, costume que ten transmitido a medio Inferno para que el sempre teña viva na súa memoria a vergonzosa caída ao Río das almas que protagonizou sen saber nadar.

-Onde está ela -preguntou entre dentes Belfegot-.

-Hospédase no Can Enferruxado. Ten unha habitacion alí, ou iso din as malas linguas.

Isto díxoo Dalil amparando a súa boca coa man, non quería que o escoitaran dicir aquel nome, xa que tiña mala fama incluso no inferno. Despediu ao seu amigo *Guillohrtha* tras darlle os seus honorarios e encamiñouse polas abarrotadas rúas de Dite. O lugar ao que se dirixía non era máis ca un tugurio de pouca monta coa fachada de madeira a piques de caer, cheo de bébedos e mendigos. Iso era o que un apreciaba se alguén pasaba diante do lugar, pero dentro do local tiña lugar a maior rede de contrabando de artigos ilegais existentes no inferno, cuantiosas apostas no xogo, intercambio de obxectos roubados, sede de gremios de timadores

e asasinós...

Tras tropezar cun par de insignificantes demos mendigos, entrou no establecemento. A súa limpa e vermella tez, a gafa que cubría o seu olliño, a cabeza calva a excepción dunha coroa de cabelos ben peiteados e engominados, a súa gravata a raias azuis a xogo cos seus pantalóns curtos, agora algo manchados polo fango ao igual cós seus zapatos; confiríanlle ao demo un aspecto moi estraño no ambiente no que se atopaba. Figuras encarapuchadas por aquí e acolá, tumbadas no chan ou cos pés enriba da mesa, unhas na barra bebendo, outras puxéronse de pé e subiron aos cuartos do local, quizais temendo que fose un axente da garda, varios xogadores dunhas mesas do fondo, todos levantaron a vista ao miralo para logo seguir ao seu. Achegouse á barra, facendo o mesmo o pousadeiro, e murmuroulle:

-Oia, vostede sabe onde podo atopar a *Justin*?

-Suba ao cuarto 19, están agardando.

Tras subir as chirriantes escaleiras e camiñar polo mugriento corredor, chegou a unha porta na cal, entre arañazos e golpes, distinguíase unha plaquiña co 19 gravado. Ía petar, pero a porta xa se abrira. Tiña ante el unha estancia sumida na penumbra austeramente amueblada. Flotaba no ambiente cargado de nubes de fume procedentes das pipas dos seus catro inquilinos que estaban ao arredor dunha mesiña tirando dados. Eran as figuras que subiran as escaleiras cando el entrou. A única fonte de luz, uns raios que entraban entre as táboas dunha fiestra cegada con táboas caían e iluminaban tenuemente o felino rostro que o contemplaba cunha expresión alegre, case divertida.

-Vaia vaia! Por fin chegas, meu querido *amigo*. Senta, por favor! -a súa voz, clara como o cristal, fluía como unha fervenza pola súa gorxa, tiña unha nota infantil pero que obrigaba a obedecela, como se un caese presa dun encantamento.

-Sabes ao que veño, Harmonía. Só quero selar a alma que sei que agochas para rexistrala.

-Ah, esa ditosa alma...Belfegot, propóñoche un trato, unha ocasión que non poderás rexeitar -replicoulle Harmonía con voz cantarina- Tan só terás que xogar comigo unha simple partida de dados.

-Unha partida de dados? De acordo: iso está feito, pero nada de trampas nin dados trucados.

-Moi ben. Empezamos? Toma os teus dados.

Cando *Justin* puxo os dados na man de Belfegot, un negro brillante con números prateados e outro verde esmeralda cos números púrpuras, o demo sentiu un mareo como o causado por un golpe na cachola. Cando abriu o ollo xa non estaba na habitación, senón noutra dimensión distinta ao inferno: o teito cambiaba continuamente de verde a azul, de azul a vermello e de vermello a violeta dando unha extraña perspectiva do lugar. O chan estaba empedrado en dados xigantescos e naipes que ilustraban ases, reis e raíñas. Segiu un camiño marcado por dados brancos que conducía á colina, é dicir, a unha montaña de dados e cubiletes gargantuescos. Na cima, unha inmensa carta que representaba un *Joker*, xa estaba Harmonía aos pés dunha mesa baixa, con todo disposto. Belfegot tragou saliva: ela estaba no seu mundo, e el non tiña ningún poder; non tiña máis remedio que xogar.

-O noso árbitro será a alma que buscabas. Se ti gañas, poderás cifrar a alma, ademais, eu farei unha soa cousa que ti me pidas. Se polo contrario gaño eu, quedareime coa alma e ti farás algo que eu queira. Conforme?

Justin invocou á alma ao lado deles. Era, como tódalas almas comúns, una masa rosa de carne brandiña e suave, con olliños e boquiña, ademais dunhas marcas como se tivesen dobrado. Esta sería a xuíz.

-O que teña dúas tiradas correctas ten o xogo. Que comece o desafío! -exclamou a almiña con voz chilloa-

Belfegot axitou e tirou os seus dados.

-Pares ou nones, *Justin*?

-Pares. Destapa!

-Nones. Ben, pensándoo ben, non era tan mala idea o de xogalo aos dados...-tira Harmonía-.

-Que dis, Belfegot?

-Pares. Acertei?

-Maldito demo menor! Si, son Pares.

Esta é a definitiva, Harmonía *Justin*. Se acertas, gañas -dixo a alma-.

-Nones.

-Pares! Volviches errar, creo que por fin terei a miña vinganza.

-Iso verase nesta derradeira xogada, Belfegot. Di, pares ou nones!

-A definitiva, eh? Pois...eu digo...pares! Pola túa cara deduzo que gañei, ou non, alma?

-En efecto, o xogador Belfegot gaña a Harmonía *Justin* por dous a cero.

-Harmonía, xa é hora de que desfagas isto -dixo cun sorriso Belfegot-

Agora estaban no Limbo, primeiro círculo do inferno, á beira do camiño das oficinas de Belfegot.

-Toma, almiña, isto é o teu número de alma penitente residente -o demo sacou un selo do peto e espetouno na fronte da alma. Es a nº52475497 Cir.5 , non o esquezas. O cifrado xa está feito, podes irte. Con isto a alma evaporouse e foi ao quinto círculo-. Só está cumprida a metade do trato, Harmonía.

- Que queres que faga?

-Nada do outro mundo, só que penso que coa miña ausencia...debe de haber moitísimo traballo na oficina...e hoxe non me apetece demasiado taballar, creo que poderías suplirme; encontrarás case todo como estaba. Con todo isto, Harmonía, alégrome de verte.

Belfegot seguiu o camiño avanzando en dirección oposta a Harmonía *Justin* e ao das oficinas.

-Había séculos que non tiña un día de descanso... aínda que foi demasiado movido para o meu corpo...e todo por culpa do inútil de Sludig...



AULA VERDE 2009

O IES Illa de San Simón participou durante este curso académico 2009/2010 nun proxecto denominado “Aula Verde” e que forma parte da convocatoria que fai o Ministerio de Educación para fomentar ás agrupacións de centros educativos ubicados en diferentes comunidades autónomas. O noso centro formou un grupo co IES Puçol, de Puçol (Valencia); IES La Almadraba, Tarifa (Cádiz) e o IES Marina Cebrián de Taco, La Laguna (Tenerife).

Os obxectivos deste proxecto son:

Implicar ó alumnado na vida do centro e que o recoñezan como propio.

Introducir o concepto de conciencia ecolóxica.

Xerar un entorno aula de calidade e máis sostible.

Están implicados varios departamentos, como o de Tecnoloxía, Informática, Educación Plástica, Ciencias naturais, Orientación, Educación Física e Matemáticas e numeroso profesorado.

Para poder concretar todas estas ideas, dous profesores do centro, Carlos Ferro e Javier Pereira viaxaron a Puçol, centro coordinador, no mes de novembro.

Estanse a realizar distintas actividades como o concurso de “Aulas ecolóxicas”, onde se valoran a limpeza, conservación do mobiliario, aforro enerxético; fornos e cociñas solares; xogos con material de desfeito, composicións artísticas con material de desfeito; concurso de vídeo sobre o “Consumo responsable” e elaboración dun mapa ecolóxico do concello.

A actividade máis recordada polo alumnado, sen lugar a dúbida, será a excursión que se organizou a Tarifa entre o 16 e o 20 de abril. O alumnado ó que se lle propuxo a actividade foi 2º ESO e os que finalmente colleron o avión foron: Xunqueira Ézara, Miguel González, Laura López, Daniel Cabaleiro, David Campos, Antón García, Jaime García e Nicolás Reguera. O profesorado acompañante foi Roberto Darriba e Sonia González.



As actividades máis destacables foron: paseo por Tarifa, visitando o castelo de Guzmán el Bueno e o seu casco antigo; visita ás ruínas romanas de Baelo Claudia e avistamento de cetáceos no estreito de Gibraltar.

No remate deste curso decidiremos onde se fará o próximo encontro de alumnos dos 4 centros, porque isto se prolonga un curso máis.

Feliz fin de curso.

ESFUMADO NA INDIFERENCIA

Esquecido de min mesmo

Abandonado a un presente reiterado

Baleiro de futuros desexados

Así, transcurso de insomnio en insomnio.

Canle seca ateigada dunha terra

Que foi auga e agora só é

Unha fonte esquecida e morta

Unha ausencia de sede no camiño.

Navego por un neboeiro sen rumbo;

Sen rumbo coñecido nin esperado

Entre sons dun mar de monotonía

Nunha viaxe inmóvil, a ningures.

Consumo cada día indiferente,

Indiferente consumo cada día

Representando cada función

Cada acto, cada escea repetida.

British humour

Some British comedies, sitcoms and television programmes, such as George and Mildred, Man About the House (Un hombre en Casa), The Benny Hill Show, Mr. Bean, were also very popular in Spain in the seventies and eighties.

If you want to have a try at this quiz and be succesful, your grandparents will give you all the help you need.

1-George and Mildred's surname was:

- a) Grobblers
- b) Roper
- c) Clover.

2- What is the name of Mr. Bean's girlfriend?

- a) Imar Globe.
- b) Inma Gold.
- c) Irma Gobb.

3-In Man about the House Robin Tripp

- a) dances very well.
- b) cooks very well.
- c) sings very well

4- In Man about the House we can also see characters from:

- a) Mr. Bean.
- b) Benny Hill.
- c) George and Mildred.

5-A typical scene from George and Mildred is

- a) Mildred trying to get on a bus.
- b) Mildred trying to get into a car.
- c) Mildred trying to get into a motorbike sidecar.

6- George (George and Mildred) is:

- a) lazy
- b) hard-working
- c) bossy

7-Monty Python, the Pythons, were

- a) a famous British comedy group.
- b) A rock band.
- c) The name of a film

8-A typical closing scene of The Benny Hill Show was:

- a) A lot of people chasing Benny Hill.
- b) A birthday party.
- c) A fight.

9- According to Mr. Bean's passport, what does he do?

- a) He is a male model.
- b) He is a teacher.
- c) He is a guard at London's National Gallery.

10- What is Mr. Bean's first name?

- a) Rowan
- b) Peter
- c) It is never revealed.

11- What colour is Mr.Bean's mini car?:

- a) Red with a white stripe.
- b) Green
- c) Blue

12-What does Mr. Bean always carry around with him?

- a) A teddy bear
- b) A toy car
- c) A book

13- Mildred wants to know how much a funeral for George will cost. The funeral director asks her: Is it for a loved one?”. What is Mildred’s answer?

- a) “No. It’s for my husband”.
- b) “Yes, it is. I love George so much!”

Check your score on page: 35

If you haven’t been very succesful, do not worry. Have a look at what some contestants answered on some British TV shows.

Presenter: What is the capital of Italy?

Contestant: France.

Presenter: France is another country. Try again.

Contestant: Oh, um, Benidorm.

Presenter: Wrong, sorry, let's try another question. In which country is the Parthenon?

Contestant: Sorry, I don't know.

Presenter: Just guess a country then.

Contestant: Paris.

Presenter: Which French Mediterranean town hosts a famous film festival every year?

Contestant: I don't know, I need a clue.

Presenter: OK. What do beans come in?

Contestant: Cartons?

Presenter: Where do you think Cambridge University is?

Contestant: Geography isn't my strong point.

Presenter: There's a clue in the title.

Contestant: Leicester?

Presenter: What happened in Dallas on November 22, 1963?

Contestant: I don't know, I wasn't watching it then.

Presenter: In what year was President Kennedy assassinated?

Contestant: Erm . . .

Presenter: Well, let's put it this way - he didn't see 1964.

Contestant: 1965?

Presenter: How many Olympic Games have been held?

Contestant: Six.

Presenter: Higher!

Contestant: Five.

Presenter: What is the world's largest continent?

Contestant: The Pacific

Presenter: In which European country is Mount Etna?

Contestant: Japan.

Presenter: I did say which European country, so in case you didn't hear that, I can let you try again.

Contestant: Er ... Mexico?

Presenter: How long did the Six-Day War between Egypt and Israel last?

Contestant (after long pause): Fourteen days.

Presenter: What is the simple past of run?

Contestant: (Silence)

Presenter: OK, try it another way. Today I run, yesterday I . . .

Contestant: Walked?

Check your score: 1B - 2B - 3B - 4C - 5C - 6A - 7A - 8A - 9C - 10C - 11B - 12A - 13A

VISITA AO MONTE SIRADELLA (O GROVE)

No mes de marzo, os alumnos de 2º de ESO fixemos unha saída á Aula de Interpretación da Natureza do Monte Siradella.



Déronnos unha explicación musical, para comprender mellor o Complexo Intermareal



Desde a “Rocha da balanza”
puidemos ver o istmo da
Lanzada, a praia, a marisma do
Grove, as illas de Ons, as Cíes, ...

iFoi “incrédibol”!

Vimos un vídeo sobre a marisma do Grove, unha exposición e unha maqueta dunha batea.



Aprendemos moitas cousas sobre as garzas, os cormoráns e outras aves mariñas.



Estudamos cousas sobre a praia, as dunas, a súa vexetación, a contaminación, o lixo, etc.





Pero non todo foi
estudar, atender e
anotar.

Tamén tivemos
tempo para xogar,
explorar, correr,
ligar,...



En fin, unha viaxe moi aburrida ... je, je, je.

ESTAREI AQUÍ MESMO

Cando na primavera de 2007 acadei o meu primeiro destino definitivo como profesor de matemáticas no “ILLA”, non podía imaxinar que a miña estancia aquí sería tan fructífera, nin tan breve.

Eu xa estivera no ILLA o curso 2000/2001 facendo parte das miñas prácticas de oposición, mais de aquela só dei clase ao grupo de Diversificación Curricular e faciamolo na “casa do conserxe”: en todo o curso non ollei ningún dos tres andares deste edificio; e de profesores, só coñecín aos que daban clase naquel grupo – Miguel -, ao director – Roberto -, ao xefe de estudos – Luis Pérez – e aos do departamento de matemáticas – Juan G. Penín e Reza-.



A entrada, en setembro de 2007, foi, xa que logo, todo novidade: instituto, coma se fose novo, compañeiros novos (agás tres) e tres profesores novos formando o departamento de matemáticas. Aínda por riba, os outros dous, Anxo e Sonia, moito máis novos e preparados ca min para os novos tempos. O mesmo día que nos coñecemos, elixíronme xefe de departamento e comezamos una andaina cara o descoñecido (eu presumo de ser “ben mandado”, mais nunca fora xefe de nada).

Superamos o curso con moi boa vontade e moitas ansias de facelo ben e cando xa remataba, ademais de voar o tellado, saltou a bomba: o meu ofrecemento para colaborar en calquera tarefa acabou comigo no cargo de director. ¡Miña nai, que medo!

E dous anos despois, cando discutía comigo mesmo a posibilidade de renovar o cargo (se o Consello Escolar así o decidese), chegou a nova do destino no IES República Oriental do Uruguai, en Vigo, instituto no que traballara o ano anterior á miña caída por aquí.

Teño que recoñecer que nestes tres cursos aquí, levo aprendido moito, en moitos aspectos, e de todos os estamentos da comunidade educativa: profesorado, alumnado, familias, administración, persoal e mesmo dos provedores. Gustaríame pensar que tamén vós tedes aprendido algo de min, sobre todo o alumnado, xa que esa era a miña misión primordial. E que fose algo máis cás miñas parvadas de chistes fáciles e “brasadas”, coma di Marie Joe.

Tede por seguro que eu non esquecerei en moito tempo estas experiencias que vivín convosco e que seguirei estando ao voso dispor, alí onde vou. Por iso escollín, a xeito de despedida, a frase de E.T. ao seu amigo Elliot: “estarei aquí mesmo”.


Desexándovos todo o mellor, de xeito especial a quen me suceda no cargo, e co meu infinito agradecemento a todos, recibide una forte aperta de

Íñigo Brasa.

Quen dixo que as matemáticas non podían ser divertidas?

En cinco pasos como máximo, coa axuda da calculadora, e empregando só os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 e as operacións suma, resta, multiplicación e división, obtén o número 0 a partir de 869. (Semana matemática de Vigo)

Cales dos seguintes lazos constan de máis dun anaco de corda?



A) I; II; IV e V B) III; IV e V C) I; III e V D) todos eles E) ningunha das anteriores

(Canguro matemático)

Estas son dúas das cuestións que resolveu o alumnado do IES Illa de San Simón que participou este ano 2010 na XVII Concurso Canguro Matemático, na XII Olimpíada Matemática de 2º ESO ou na VI Semana Matemática de Vigo.

Co obxectivo, entre outros, de incentivar o gusto polas matemáticas e tratar de que o alumnado consiga divertirse resolvendo cuestións matemáticas, un grupo de profesores desta especialidade de Castela e León organiza, anualmente, o Concurso Canguro Matemático. Este consiste en contestar, nun tempo máximo de 75 minutos, un test de 30 preguntas en orde crecente de dificultade. Aínda que no Canguro pode participar o alumnado de calquera nivel (hai probas diferentes por niveis de 1º de ESO a 2º de bacharelato), só dez alumnos de 1º de ESO afrontaron o reto. ¡Estamos á espera dos resultados!

Co fin de promover a ensinanza e aprendizaxe das Matemáticas a través da resolución de problemas, AGAPEMA (Asociación Galega de Profesores de Matemáticas) organiza a Olimpíada Matemática para 2º de ESO en Galicia. Tres dos nosos alumnos participaron na primeira fase, fase de zona, resolvendo individualmente cinco problemas. Nestes días coñeceremos o nome dos alumnos que destacaron na realización desta proba. Estes pasarán á fase da Comunidade e o mellor de Galicia, estará na Olimpíada Matemática de 2º ESO de España.


A derradeira semana de abril, o alumnado de 2º ESO achegouse a Vigo para participar nos obradoiros da VI Semana Matemática, organizada pola Asociación Escola Rosalía de Castro, coa asesoría pedagóxica de AGAPEMA. Traballou nun total de oito obradoiros con tangráns, pentaminós, hexamantes, policubos, xogos de estratexia, teselacións-mosaicos, resolución de problemas, actividades coa calculadora e revoltallo matemático. En cada recuncho os alumnos dispuxeron de materiais, fichas e paneis orientativos, e contaron coa axuda dun monitor que guiaba e controlaba as tarefas. Os grupos de traballo, composto por dez alumnos, foron rotando polos distintos obradoiros ao longo da hora e media que durou a sesión.

O que se pretende con estes obradoiros, entre outras cousas, é achegarlle as matemáticas ao alumnado desde un punto de vista manipulativo e participativo; mostrar que todos podemos facer matemáticas, é dicir, argumentar, analizar, decidir, demostrar, descubrir, razoar; e sensibilizar, a profesores e alumnos, de que as matemáticas poden aprenderse de xeito atractivo. Cando menos pasamos un anaco entretido os profesores e alumnos que alí estivemos. ¡Para o curso repetimos!



REVOLTIGRAMA (As letras están na columna axeitada pero desordenadas)

Pista: funciónsmatemáticas



E N H A H A I R O A I O R O F I C L A L I P R D
U C P D E T C D A B C Ó M Á E I E X U L D D A U
O U U N N E A T Á C O A N B S V N P E A A O
I C U G N A O

Fausto.

Salvemos ao medio ambiente

Dpto. Tecnoloxía - Informática

No 1º trimestre o alumnado de **3º PDC** fixo varias presentacións multimedia, nas que plasmaron a situación do noso entorno máis próximo “O centro”, coa finalidade de dalo a coñecer ós centros que participan no proxecto ARCE.

Podes ver as presentacións na páxina web do instituto:

<http://centros.edu.xunta.es/iesilladesansimon/?q=category/5/53>



Ao longo do segundo trimestre os nosos alumnos e alumnas de Segundo de Tecnoloxía e IPEE, fixeron un proxecto sobre Enerxías Renovables encadrado dentro doutro moito maior e significación chamado Aula Verde, que se ven a desenvolver xunto con outros 3 institutos do territorio nacional (Valencia, Tenerife e Tarifa) que co noso, foron agasallados para realizar estes traballos dentro do plan ARCE do MEC, programados para dous cursos escolares.

Un dos obxectivos do plan ARCE é o intercambio de experiencias entre os alumnos de centros cuxo entorno sexa distinto, para o intercambio de información e a difusión de boas prácticas educativas. O obxectivo é xeneralizar iniciativas de innovación e cambio que leven melloras na práctica educativa. As Agrupacións e Redes de Centros Educativos (ARCE) buscan, por unha banda, impulsar os intercambios entre os centros e a mobilidade de alumnos e profesores, contribuíndo á adquisición e mellora das súas aptitudes, no só nas competencias, áreas, ou temas nos que se centra o proxecto, senón tamén na capacidade de traballar en equipo.

A nosa achega a esta iniciativa foi traballar as Enerxías Alternativas cobizados dentro do título “Salvemos ao medio ambiente”. Os alumnos de 2º elixiron realizar fornos solares, utilizando sobre todo material reciclable (cartóns, xornais...) e outros. Os traballos leváronse a cabo formando grupos entre os alumnos previamente seleccionados ao chou, cada grupo elaborou un forno, que puideron diferenciar



despois cando comprobaron o seu rendemento polo aumento da temperatura dunha cantidade determinada de auga, cando o expuxeron a o sol. En canto aos alumnos de 4º (IPEE) decantáronse polas cociñas solares, aquí o traballo foi individual, cada alumno fixo unha cociña, con estruturas e deseños totalmente distintos e sempre, na medida do posible, utilizando materiais reciclados.

Imos mostrarvos, na medida do posible e limitados polo espazo, o proceso de creación e o resultado final do traballo que con moita ilusión e gañas desenvolveron os vosos compañeiros deste noso preocupado, interesado, ansioso e con moitas gañas de facer, instituto.



Neste derradeiro trimestre o alumnado de **3º ESO** está facendo proxectos tamén relacionados cas enerxías renovables entre outros; coches eólicos e centrais eólicas, os cales aproveitan a enerxía cinética do vento e a transforman en enerxía eléctrica.

Utilizando igualmente materiais de refugallo.



Os alumnos/as de **4º ESO informática** están facendo videoclips sobre as actividades levadas a cabo no centro ao longo do curso, para así dar a coñecer de xeito máis profundo os nosos costumes. Tamén algúns están participando no Iº concurso escolar de crear un vídeo de “CONSUMO CONSCIENTE”.

O remate do curso poderedes ver o resultado na nosa páxina web.

E por último dicir que para cumprir os obxectivos do plan ARCE os nosos alumnos foron, na segunda metade do mes de abril, a Tarifa a amosar a seus traballos aos seus compañeiros de Tarifa, Valencia e Tenerife onde acadaron un alto grao de satisfacción pola experiencia vivida, segundo as manifestacións do todos os nosos representantes.



Aguayo, Lidia



Amoedo, Yago



Amoedo, Alba



Blanco, Triana



Cadilla, Luna



Castro, Lara



Couñago, Noemi



Couñago, Javier



Cuntín, Carmen



Docampo, Lía



Gómez, Ángel



González, María



Glez, Alejandro



Iglesias, Salomé



Leirós, Aira



Méndez, Cristina



Muíños, Carlos



Posada, Sandra



Prieto, Mar



Rdguez, Diego



Rdguez, Laura

CURSO: 4º A

Titor: Luis Pérez Collazo

Os mellores e peores momentos que pasamos no Illa os de 4ºA

Lidia:

O peor son as clases de historia o luns a primeira hora e o mellor foi o festival de Entroido.

Alejandro:

O mellor deste instituto é o festival de Entroido, a actuación dos profes sempre é xenial. O peor se é que encontro algo é ter que estudar cada vez máis.

Lía:

O peor momento foi o primeiro día no instituto porque me separaron de tódolos meus compañeiros de primaria e chorei moitísimo, pero estou segura que o peor de todo será o último día, cando teña que despedirme de todo. O mellor son os entroidos, as festas, os profesores, o ambiente... pero seguro que cando remate o curso direi que o mellor foi SALOU!

Salomé:

Houbo moitos momentos bos. Aínda que nunca olvidarei os amigos que fixen e, por suposto as actividades organizadas polo instituto: Entroido, magosto e as excursións. O peor son os exames xa que cada vez son máis complicados e os chistes de Iñigo (é broma).

Javi:

O mellor ano foi segundo antes de repetir, non era a mellor clase para estudar pero o pasabas de medo, porque todos os días alguén a liaba e os demais botabamos unhas risas e o peor non hai ningún malo para poñelo aquí.

María:

E imposible escoller un só momento bo neste instituto, pero quedo con tódalas actividades que fixemos dentro do Illa, porque disfrutamos tanto alumnos como profesores xuntos sempre. Aínda que o mellor está por chegar (Salou). O peor momento foi o baixón que peguei nos exames xa que cheguei a preocupar aos profesores polas miñas notas.

Yago:

O mellor foi a viaxe a Salou e o peor cando tiven que repetir curso.

Mar:

O mellor foron as risas nos recreos e nos festivais e o peor foi cando me dixeron que repetía.

Alba:

O mellor foi a miña clase de 2ºA e a profesora Sonia de inglés e o peor foi o estrés que pasaba estudando para os exames de historia.

Aira:

O mellor os lanzamentos de tiza e borrador de Rafa e o peor as burlas dos outros cando caeu o tellado.

Lara:

O mellor a miña clase de 2º e o peor os exames e ter que marchar.

Cristina:

O mellor foron as horas libres falando e facendo o parvo cos compañeiros e o peor o meu primeiro exame de historia.

Angel:

O mellor foi cando voou o tellado do instituto e o peor foi cando tiveron un accidente e non puideron participar no entroido.

Laura:

O mellor son o entroido e as festas que facemos aquí cos compañeiros e profesores. O peor eran as tres últimas horas do martes (latín, cultura clásica e historia)

Carmen:

O que máis me gusta deste colexio é o Entroido, xa que me encanta que participen tanto alumnos como profesores, o que menos me gusta aínda non chegou xa que será a despedida.

Carlos:

O mellor son os compañeiros de clase e o peor os días antes do exame de historia.

Sandra:

O mellor son os follóns que montamos nas clases sobre todo a Sonia e Alicia en terceiro. O peor as tres últimas horas do martes nas que teño latín, cultura clásica e historia.

Triana:

O mellor foi cando voou o tellado e o peor son os exames de historia e lingua castelá.

Noemi:

O mellor é o Entroido do instituto, rematar os exames e rematar as clases de historia, e tamén será a viaxe a Salou. O peor foi o primeiro día do instituto, as clases de historia e tamén cando chegue a hora de marchar do instituto.

Diego:

O mellor é cando rematas todos os exames de avaliación e poder relaxarte e volver a saír cos amigos. O peor é o momento de espera antes de saber a nota dun exame.

4ºB

				
BAATI ELQAUOAQ HAJAR	CEA LAGO MARTÍN	COUÑAGO SOBRAL ANA	FREITAS BARCIELA VANESA	FREITAS PEREIRA XURXO
				
GESTEIRA SEIJO ARANCHA	GONZÁLEZ TORRES JOSÉ A.	IRIARTE MÍGUEZ MIGUEL A.	MÍGUEZ LAMAS MARÍA	MÍGUEZ LAMAS PATRICIA
				
MONROY RIVAS ANTÍA	PAZO GONZÁLEZ SARA	PEÑA VÁZQUEZ DAVID	PÉREZ CASTRO CARLA	PINTOS OTERO SARA
				
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ GUILLERMO	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ JAVIER	SANROMÁN BARCIA, NOELIA	SOBRAL OTERO RITA	TÁBOAS OTERO MARIÑA
				
VIRULEG GONZÁLEZ DANIEL				

TITOR: DOMINGO SALINAS

Os mellores e peores momentos que pasamos no Illa os de 4ºB

Xosé Anxo: O mellor cando vexo que rematei ben as cousas que comecei aquí. E o peor foron algunhas pelexas nas que me metera en primeiro.

Sara Pintos: Neste instituto vivín moitos bos momentos, pero o máis importante e gratificante foi aprobar os exames de historia, aos cales toda a xente tiña terror. O meu peor momento no Illa foi cando Xavier, o profesor de tecnoloxía, case me suspende a avaliación por culpa do exame de circuitos de electricidade. A partir de aí souben que as enxeñerías non eran o meu!

Dani: O mellor foron as clases de 2ºD. momentos memorables!!!! E o peor foron as clases do mércores a 1ª hora en Historia con Luís.

Arancha: O mellor momento foi cando empecei a coñecer a xente da clase na que estou agora, porque me tratan ben. E o peor momento foi cando souben que repetía 4º, e que tiña que volver outro ano ó instituto a facer o mesmo.

María: O mellor, todas as clases nas que estiven: 1ºC, 2ºD, 3ºA e 4ºB, cada unha cos seus detalles únicos, e os bos compañeiros que teño e tiven. E o peor, algunhas notas... e pensar que isto se acaba.

Sara Pazo: O mellor.... buff!! é moito tempo cos pequenos momentinhos que deixaron grandes recordos. E o peor, quizais sexa deixar atrás todo o que neste centro conseguín: amizades , aprobados, profesores, suspensos, alegrías... é demasiado para podelo abandonar.

Patricia: O mellor momento neste instituto non son capaz de escollelo, pois foron moitos inesquecibles: festivais, xogos, clases... tanto con compañeiros como con profesores. E o peor algún que outro exame que suspendín, certos momentos nos que Luís me facía preguntas nas clases de historia e ter que marchar de aquí.

Antía: O mellor momento foi cando me dixeron que pasaba para 4º .E o peor momento foi o 19 de xaneiro de 2009...

Carla: O mellor momento no Illa foron todas as excursións, entroidos, magostos... coa miña clase. E o peor momento aínda está a chegar, cando marche.

Hajar: O mellor é ver o cambio que se produce en ti dende o primeiro día que entras en 1º ata o último en 4º, e levar contigo o recordo dos bos momentos. E o peor é ter que deixar o instituto.

Martín: O mellor foron as celebracións, competicións e festas que se fan no instituto e rirnos dos profes no escenario. E o peor foron os exames e que no grupo de amigos nos separasen en dúas clases.

Xurxo: O mellor, calquera dos momentos pasados cos amigos, que son inesquecibles. E o peor nada, todo neste colexio foi bo, salvo algún dos exames de Luís, que iso non había quen o fixera.

David: O mellor foron as risas que botabamos nas clases de 2º. E non teño ningún peor momento.

Guillermo: O mellor foron as risas cos compañeiros. E o peor foron os exames!

Mariña: O mellor foron, sobre todo, as festas do entroido. E o peor supoño que foi o primeiro ano no centro.

Ana: O mellor foi a excursión ás Illas Cies. E o peor os exames que suspendín.

Vanesa: O mellor foron as excursións con toda a clase. E o peor cando en 2º me meteron cunha clase nova e me separaron de todos os meus compañeiros.

Rita: Non podo contar todos os momentos bos, xa que son moitos, pero un dos que lembro foi cando perdemos clases porque voou o tellado e cando suspendían as clases por "mal tempo". E o peor momento foi cando suspendín algún que outro exame, as preguntas que me facía Luís e por último cando marche deste colexio xa que lle collín moito afecto aos profesores.

Noelia: O mellor foi que coñecín a novos amigos. E o peor foi o primeiro ano que cheguei porque me sentía un pouco perdida.

Javier: O mellor son as persoas que coñecín. E O peor foron os anos que repetín.

Michel: O mellor foi o ano pasado con excursións e días sen clase. E o peor momento foi cando entrei en 1º que estaba un pouco cohibido polo novo ambiente.



Díaz González, Diego



Dominguez Oteo, Ricardo



García Durán, Rocio



Hernández Rubin, Paula



López Martínez, Sandra María



Lueiro Fernández, Pablo



Otero Amoedo, María



Panebianco Barreiro, Eduardo



Rodríguez Pampín, Yessica



Rodríguez Rodríguez, Adrián

4º D.C.

TITOR/A: XOSÉ LUIS CLEMENTE

Diego Díaz González

Os mellores anos no instituto sen dúbida son os de 3º e 4º. Levo moi bos recordos e uns bos amigos. Sei que vou botar de menos todo isto.

Ricardo Domínguez Oteo

Os mellores momentos foron os dos anos de diversificación por que o pasei moi ben, tiña moita confianza con alumnos, cos profesores, bedel e secretaria.

E o peor... Pos despois de seis anos no instituto non recordo momentos malos, en xeral estivo todo moi ben.

Rocío García Durán

O meu mellor momento no instituto foi cando faciamos das nosas nas clases... e o peor momento foi cando no estresabamos coas clases de ámbito científico con tantos poliedros e preguntas, pero os cursos de “diver” foron os mellores. 4ºDC quérovos.

Paula Hernández Rubín

Uns dos recordos que me levo deste instituto son os recreos na cafetaría, os bailes na clase e os meus compañeiros.

Os peores, pero non malos, as duchas de auga fría nos vestiarios.

Sandra Lopéz Martínez

Eu viña doutro instituto, pero nunca vou esquecer estes dous anos en diversificación, os nosos bailes na clase, que ben o pasabamos todos!... pero, sobre todo, sei que teño a nove amigos de verdade, aínda que me leve mellor con uns que con outros.

Pablo L ueiro Fernandez

O mellor foron clases de científico onde faciamos moitas bromas.

O peor eran as matemáticas con Reza que tiñas que estar en silencio absoluto.

María Otero Amoedo

Grazas a algúns descubrín cal era a miña paixón: era escritora.

Con iso descubrín que hai algo mais que a vida real neste mundo, descubrín moitas cousas sobre todo, que hai algo que te fai seguir para adiante; o noso futuro é o que nós eliximos, non os demais.

Yéssica Rodríguez Pampín

Deste instituto levo moitos recordos, os meus compañeiros, os profesores, esas excursións a Cíes e Ons e, sobre todo, as clases de Educación Física xogando ao hóckey.

O peor, cando marcharon as miñas amigas e repetín un curso e cando en ximnasia saía a auga fría.

Adrián Rodríguez Rodríguez

O mellor foi cando recuperei 6 en primeiro e pasei de curso.

O peor eran as clases de matemáticas, eu non entendía nada, e a materia que peor se me dá.

VISITA A MONÇÃO

O Concello de Redondela en colaboración cos Equipos de Normalización Lingüística dos Institutos de Ensinanza Secundaria da zona ofertan a posibilidade de facer un intercambio cos centros educativos de Monção. Os IES Mendiño, Floriani, Chapela e Illa de San Simón participamos nesta atractiva actividade. O día 29 de Abril fomos nós e o 28 de Maio esperamos aos centros portugueses.

O obxectivo marcado é o intercambio da lingua e cultura galego- portuguesa, así como amosar o funcionamento dos sistemas educativos e as posibilidades que ofertan a nivel académico e profesional.

Os nosos alumnos de 4ºB e os de Chapela visitaron a Escola Profesional EPRAMI, de carácter privado. No seu salón de actos mostráronnos a súa música e danza, e cos seus vídeos déronnos a coñecer a súa lingua, a súa terra e os seus produtos (viños e aceites). Os propios alumnos de hostalaría ofrecéronnos un rico café con pastas e doces elaborados por eles mesmos. Despois fixemos un percorrido polas súas instalacións apreciando os distintos ciclos: automoción, masaxes, hostalaría e química.

Nun período de lecer tiveron oportunidade de disfrutar de actividades deportivas: tiro con arco, “bádminton”....

Xantamos no comedor cos seus alumnos e profesores, que simpatizaron connosco cunha actitude aberta e un trato exquisito.

Pola tarde visitamos a Escola de Secundária de Monção, de carácter público. Os alumnos acompañados de guitarras interpretaron cancións galegas e portuguesas e cunha presentación en video deron a coñecer os enlaces da lingua galega e portuguesa. Percorremos o seu centro: biblioteca, aulas, talleres dos ciclos...

Tanto alumnado como profesorado disfrutamos desta atractiva experiencia, na que tivemos a oportunidade de coñecer un pouco máis do noso país veciño.

Agradecemos aos dous centros a súa acollida e o trato recibido. Nós esperamos a súa visita, na que imos amosar o noso traballo e remataremos todos na Illa de San Simón, onde xantaremos e esperamos disfrutar dun bo día.

E agora só animarvos a seguir coa actividade para os vindeiros cursos escolares.

Grazas a tod@s pola vosa participación.

MANOLI e ELVIRA

Excursión a Monção 4ºB

O que máis me gustou foi o bo trato que recibimos e o ben coidadas que tiñan as instalacións. O que menos é que o segundo colexio parecía un cárcere.

O mellor que tiñan unhas boas instalacións e o resto tamén moi ben.

Foi un gran día, coñecín a moita xente, as instalacións dos colexios... paseino moi ben, e todos nos trataron xenial.

Paseino ben, foi entretido. Os colexios eran grandísimos e moi bonitos, aínda que o primeiro estaba mellor có segundo. Foron moi simpáticos todos.

Foi unha excursión orixinal, na que disfrutamos coñecendo outros colexios e as súas actividades como o tiro con arco, as masaxes, a química...

A viaxe a Monção foi moi divertida e interesante, gustoume o bo trato que nos proporcionaron os alumnos da Eprami. A xente é moi aberta e divertida, o que me levei desta viaxe é a experiencia de coñecer portugueses e o que non me gustou foi cando a viaxe rematou e tivemos que despedirnos dos nosos novos amigos.

Paseino moi ben e coñecín a xente moi agradable, non me importa repetir.

Pasei un rato divertido falando cos portugueses e facendo as actividades do 1º colexio

Paseino bastante ben xa que a xente era moi agradable pero tivemos que andar demasiado.

Gustoume moito a experiencia, porque coñecín a xente nova e paseino ben.

Paseino ben todo o día, o que máis me gustou foron as actividades que fixemos.

Gustoume moito, a xente era moi agradable e as actividades moi entretidas. Gustaríame repetir.

O mellor da viaxe a Monção, foi sen dúbida participar nas actividades do centro (tiro con arco, facer unha cousa parecida a silicona no laboratorio de química...) O peor, penso que sería a espera no instituto de secundaria por culpa dun fallo técnico.

O mellor foi participar nas actividades do centro. A xente era moi amable e caéronme moi ben.

Gustoume moito a viaxe a Monção, e sobre todo as instalacións do primeiro instituto, na Eprami, pois o instituto de secundaria xa se parecía ao noso.

O mellor da viaxe a Monção sucedeu pola mañá, coa visita da escola profesional Eprami. Aquí, vivín moitas novas experiencias (entre elas o tiro con arco), disfrutei de agradables masaxes... E agora, pois esperando o momento e o día acordado para que cheguen os nosos "novos compañeiros" ao instituto e esperando que eles disfruten tanto como nós alá.

Para min o mellor foi a visita á Eprami. Paseino moi ben alí pero despois no outro instituto aburrínme entre a olladiña que lle demos a todo e o cutre que parecía ao lado do outro colexio.



MONÇÃO EN REDONDELA



MONÇÃO NA ILLA



A CRISE

“Hai que gastar menos” chámalle agora a un “hai que pagar menos”. Disque hai un déficit porque faltan cartos e a solución dos sabios é que temos que gastar menos, que pagar menos. Cos cartos de todos, sobre todo dos asalariados, non chega para facer fronte aos gastos de todos.

“Sempre habrá pobres entre nós: xa o di a sabedoría popular. Pero esa sabedoría non está tan segura nin é tan categórica sobre a difícil cuestión de cómo se fai pobres aos pobres e cómo se chega a velos como tales”

Zygmunt Bauman

Os sabios entenden que a solución non pode ser buscar máis cartos, buscalos alí onde se acumularon eses beneficios que ano tras ano batían records. Entenden que non se poden buscar máis ingresos nesas bolsas de riqueza ás que Facenda parece ignorar. Temos o que temos; o que Facenda recolle dos asalariados, porque seica non pode recoller doutros.

A desigualdade creceu nos anos bos e aumentará nos anos peores. Mentres o valor do traballo diminúe, aumenta a riqueza dos especuladores. O valor do que un obreiro produce, a suma de tódolos valores do que os obreiros producen malamente se mantén proporcional á supervivencia, pero pola contra a especulación manipulada permite acumular riqueza sen incidir sobre a produción, sobre os seus custos nin sobre o seu valor. Digo valor, que non prezo.

Unha simple aposta xera máis riqueza que o valor do produto multiplicado por non sei canto. O mercado de capitais, bonito nome, hai tempo que deixou de operar cos produtos e de limitarse á usura. Agora rouban con descaro manipulando o valor dos cartos. Quero que isto baixe e baixa; compro, sobe e vendo. Xa se sabe que non se lles pode esixir moito, non se lles pode esixir nada porque nos apretan un e parte do outro.

O poder político, representación do poder que nace do pobo, pide perdón e por favor de xeonllos. Os paraísos fiscais, gobernos na sombra, seguen opacos por mor de intereses de non sei quen, ou si o sei.

Insisto en que a riqueza procede do traballo e a redistribución desa riqueza correspóndelle ao poder político, ese poder que nos debe representar a todos. Un poder que, como todo poder ben exercido, debe ser comprensivo e magnánimo co débil e duro, teimudo e contundente cos fortes.

¿ E nós que facemos?. Os consumidores, os que decidimos a quen conceder a acumulación de riqueza, deixamos que decidan por nós, deixamos que a manipulación governe o mercado. Por iso proclamo como auténtico berro revolucionario para o futuro ¡ Consumidores do mundo: unídevos!. Unha forza capaz de decidir o que

consume baixaríalle os fumes a máis de un deslocalizador que busca novas marxes na explotación dos que carecen de dereitos.

Necesitamos da ética do ser fronte a do ter, unha ética que non envexe a xente tan pobre que só ten diñeiro. Unha ética de consumo responsable, útil, sostible e comprometido; que non permita o abuso laboral que impide acadar os mínimos para vivir coa dignidade que ao ser humano lle corresponde.

A capacidade para decidir depende da liberdade; é a liberdade. A que nos quede despois de delegar en case todos os aspectos da vida; pero depende tamén da cantidade de liberdade que sexas capaz de acumular e iso só se consegue con coñecemento. Non é libre quen carece de coñecemento porque ignora as alternativas, e canto máis libre menos manipulable.

Por desgraza este sentido da liberdade conquistada coa sabedoría está pouco extendido entre as capas máis baixas da sociedade; o alumnado procedente desas capas sociais é, con frecuencia, o que máis despreza a sabiduría co cal deixa nas mans dos *sabios* a capacidade para decidir.


E chegados de novo aos sabios, rezade, rezade o que saibades e pechade as faldriqueiras que os ladróns andan soltos e nada lles abonda.

¡CONSUMIDORES DO MUNDO: UNÍDEVOS!

Asdo. @ = ☺

Fotos da carreira solidaria do curso 2009-2010






Magosto

2010



Entrtoido 2010





ATLETISMO 2010





